

Esta é a **segunda circular** que vos envío debido a situación de estado de alerta sanitaria. Eu mándovos en liñas xerais todas a materias e o que creo que podedes ir facendo estes días (do venres 27 de marzo ao venres 3 de abril) segundo a programación de 1º, prefiro non facela día a día porque creo que así os podedes organizar mellor vós con eles. A situación das vosas familias é moi diferente, así como a de cada neno e nena. (podedes utilizar o horario de clase se vos serve de idea)

Tamén vos recordo que todo isto son **suxerencias**, non se trata de que os nenos e nenas vivan o día a día como se fora un continuo cúmulo de tarefas do cole en casa. Tamén o mesmo para vós, xa tedes bastante con organizar o día a día familiar e nalgúns casos laboral, como para que ademais teñades que exercer de profes.

Neste momento nas vosas casas están só os libros de Naturais e Sociais. O libro de lecturas (algúns) e o libro Vento ventiño, venteiro Así como as libretas de aula e o Diario do Escritor.



MATEMÁTICAS

- Deberán ampliar a numeración ata o 59
Deberían facer na libreta os números escritos (mirade que os teñan feito dende o 1) algúns xa os tiñan

Modelo:

D	U		
5	0	50	Cincuenta
5	1	51	Cincuenta y uno

Estas actividades as deben facer na libreta

- Sumas e restas sen levar. Colocar correctamente os termos da suma.(dúas cifras) Recordarlles que empecen polas unidades.
- Series ascendentes e descendentes (de 1 en 1 , de 2 en 2, de 5 en 5)
- Ordenar números en orden crecente ou decrecente
- Problemas simples con sumas
- Escribir os días da semana e os **meses do ano**.
- **Cálculo mental** (numeración, sumas, restas)
- Xogar con moedas de 1,2,5,10 ,20 e 50 céntimos de euro

- Envío tamén unhas fichas de reforzo

LINGUAS



Xa rematachedes o **conto** de 1º e 2º ?

Cando teñades a vosa proposta enviádema ao meu correo e así xa podo ir recollendo todas as ideas e ver como o rematamos. Que vos parece ?

Non vos esquezades do **Caderno do Escritor**, un pouquiño cada día ou cada dous, fai moito e vai quedar como un Diario moi Especial deste curso.

- Debedes de ler todos os días (recordade o libro de poesía, máis adiante, vos propoñerei algo con libro), algúns o libro de lectura. Contos da casa...
- Caligrafía (escribir con boa letra)
- Ortografía: Uso da maiúscula e -mb e -mp- Tamén poden fixarxe no C e,i e no Z a,o,u (poden facer na libreta ou en folios carteis con estas normas) tamén poden recortar palabras de revistas, xornais,... ou escribir e facer un cadernillo e mesmo debaixo de cada palabra unha oración ..)
- **Poden facer cartas**, *escribir postais, notas, recados, poesías.*

A proposta destes días e que fagades unha carta cada un de vós debe escribir unha carta dirixida a un neno ou nena da clase. Ten que ser sen concretar ningun nen@ (logo eu farei un sorteo e recibiredes unha dun compañeir@ Presentarvos, contar como estades, que facedes ,.... e mesmo lle podeades facer un debuxo. Lle decides a mami e papi que faga unha foto e ma envíe por correo electrónico e logo eu vos envío a carta escrita por un neno ou nena da clase. Vos parece boa idea?

Pois veña a practicar a boa letra, ortografía, presentación.... que a vai a recibir outro neno. Prazo máximo para mandar a carta o xoves 2, e así o venres 3 vola envío .

E cando estemos na clase facemos o Libro das nosas cartas.

- Xogar a palabras encadeadas.

NATURAIS



Acordarvos da páxina que vos enviei de **experimentos**, xa me están chegando varios videos . Que divertidos ! , cando teña varios volos envio para que os vexades! Sodes uns gran Científicos !

- Podedes iniciar tema novo Tema 6 As plantas. Facer as páxinas 58 ata 67, este tema estaba moi relacionado coa horta escolar, que estabamos preparando con sexto para ir a plantar....) Pero... pois nada agora toca que recorden e recordedes con eles as súas experiencias coas plantas ...
 - a) Podedes ver algún video <https://youtu.be/wBjaQuyMr18>
 - b) Na casa podedes facer o de **plantar** fabas, lentellas, garavanzos nun vaso con algodón e auga. É moi visual. Aínda que os que tedes finca seguro que non vos fai falla. (podedes facer un diario da evolución do que va pasando poñendo día e debuxándoo)
 - c) Poden buscar fotos, recortes, debuxar prantas e con elas elaborar un álbum poñéndolles nome e clasificándoas (árbores, prantas, arbustos, plantas cultivadas, plantas silvestres).
 - d) Logo relacionando coas Linguas buscar adiviñas, refráns, poesías de plantas, flores.
 - e) Mandovos 2 fichas reforzo e ampliación (pero creo que xa é moito)

SOCIAIS



- Investigación sobre vilas, aldeas e cidades Fichas (espero que esto o teñades xa rematado)
- Repaso da Unidade (54-55) Poden facelo sós (e logo vós llo podedes correxir e que se poñan a súa nota)
- Tema novo 6 Medios de transporte . Facer páx. 56 ata a 63 (é moi complicado explicar como iamos facer na aula o tema) Póño vos varias ideas:
 - a) Para iniciar o tema : videos de medios de transporte

- b) Un mural que podedes facer entre todos cos diferente medios de transportes . Ou tamén nun folio que fagan un esquema escribindo eles ou debuxando
- c) Un ficha de investigación sobre o uso do transporte público en Vigo ou mesmo entrar na páxina de Vitrasa e moverse por ela (mellor esta opción e o vedes xuntos) <http://www.vitrasa.es/php/index.php>
- d) Logo relacionando con Linguas poden buscar adiviñas, refráns, poesías


e) De todo anterior podedes facer como un traballo, en folios con portada...

f) Vos mando 2 fichas reforzo e ampliación (pero creo que xa é moito)

PLÁSTICA



- Recordades o conto de 1º e 2º? Estadés facendo os personaxes Laura, Mario, os seus pais María e Pablo. Ide debuxándoos e logo cando teñamos a nosa parte feita iremos facendo as ilustracións...
- A primavera chegou fai uns días e case non nos enteramos vos envío un video para que si queredes fagades flores <https://youtu.be/jLvFun0spNA>
E tamén estas outras ...ou as que se vos ocorran a vós.



Calqueira dúbida xa sabedes onde atoparme na rede! Moitas grazas coma sempre pola vosa colaboración, comprensión e axuda.

Vémonos pronto, apertas

A titora de 1º, MªJosé